

IX manifesto 2012

da Fibromialxia

Un ano máis, as persoas afectadas de fibromialxia conmemoramos o noso DÍA MUNDIAL.

Hai 20 anos, a Organización Mundial da Saúde deunos **NOME e CODIFICACIÓN.**

Pero, tamén un ano máis, hoxe non poderemos soplar as velas da celebración porque sabemos que, para moitas persoas, aínda **NON EXISTIMOS.**

E, por elo, hoxe comprometémosnos a manter prendida a **VELA DA SOLIDARIEDADE** ata acadar a **NORMALIZACIÓN** desta enfermidade. Manter prendida esta **VELA DA SOLIDARIEDADE** polos lemas que fomos recollendo nos manifestos de todos estes anos como:

- A dor que máis nos doe é a da **INCOMPRESIÓN**
- A enfermidade non ten **NACIONALIDADE**
- Non somos **INVISIBLES** e temos **DIGNIDADE**
- Loitamos dende o **VOLUNTARIADO SOCIAL**
- Queremos **CURARNOS** e **TRABALLAR** ou ter baixas laborais, discapacidades e **XUSTAS PRESTACIÓNS DE INCAPACIDADE LABORAL**
- Agradecemos a **SOLIDARIEDADE** de tantos profesionais e persoal de Investigación

Manter prendida a **VELA DA SOLIDARIEDADE:**

Para unha maior comprensión familiar, profesional, institucional e social

Para lembrar o que fomos conseguindo nestes anos e aspirar a todo o que aínda se nos nega

Para sentirnos cidadáns de pleno dereito

Para conseguir os puntos programáticos do Manifesto do 2011, vixentes aínda hoxe, e que son:

Garantir o **ACCESO UNIVERSAL** ao Sistema Público Sanitario e Social das persoas enfermas de fibromialxia, así como a **CALIDADE** e a **EQUIDADE** do sistema en todas as Comunidades Autónomas, mediante protocolos únicos de diagnóstico, tratamento e prevención, criterios de avaliación de discapacidades e incapacidades medidas de inserción laboral e dereitos a prestacións sociais se corresponde.

Garantir o principio de **CORRESPONSABILIDADE** na planificación das políticas sanitarias e sociais e os Plans Directores de aplicación.

Garantir a **REPRESENTATIVIDADE** das asociacións de persoas afectadas e **O RECOÑECIMENTO** da súa laboura social.

Garantir a **INVESTIGACIÓN** pública e o fomento da investigación privada co obxectivo de descubrir a orixe, mellorar os tratamentos e prever as enfermidades.

Garantir o **RESPECTO** cara a **NÓS**, os e as pacientes, as nosas familias e os e as profesionais que traballan e se forman para ofrecernos unha mellor atención.

Neste ano 2012, coas nosas familias, asociación e federacións, queremos recoñecer os logros acadados e denunciar as desigualdades e inxustizas que perduran, solidarizámonos con todas as persoas enfermas nesta época de crise que ameaza gravemente os pilares do Estado do Benestar, e reclamamos unha Sanidade xusta e equitativa para todas e todos.

Mantemos prendida a **VELA DA SOLIDARIEDADE** para lembrar a obscenidade que representa crear ou manter situacións de exclusión cando a persoa é máis vulnerable: **cando perde a súa saúde**, non sabe se a poderá **recuperar** algún día e **aféctalle** de xeito persoal, familiar e economicamente de maneira tan importante como o estudo epidemiolóxico (**EPIFFAC**) demostra.

12 de maio de 2012 - Día Mundial da fibromialxia